

O Tribunal das probas selectivas para cubrir unha praza da categoría profesional de técnico/a especialista de investigación, especialidade bioloxía (microscopía), grupo III, pola quenda de acceso libre”, na súa sesión de 4 de setembro de 2024, acordou:

PRIMEIRO: facer públicos os criterios de corrección do segundo exercicio do procedemento selectivo, segundo se indica:

- Segundo exercicio: consistirá en contestar por escrito a un cuestionario de 90 preguntas tipo test, mais 5 de reserva, con tres respostas alternativas das cales só unha será a correcta, propostas polo tribunal e correspondentes ao bloque de coñecementos específicos que figuran no programa que se relaciona no anexo II da convocatoria. O tempo para a realización deste exercicio será de 95 minutos. Este exercicio cualificarase de 0 a 25 puntos, e será necesario para superalo obter un mínimo do 60% do total das respostas correctas, que supón unha valoración de 15 puntos.
- Tribunal acordou que as preguntas non contestadas, así como aquelas nas que se sinala máis dunha resposta ou non se poida distinguir a sinalada como correcta na folla de respostas que estea en poder do Tribunal, non computan.
- As preguntas incorrectas ou non contestadas non puntúan negativamente.

SEGUNDO: Establecer que as preguntas de reserva, numeradas da 91 á 95, entrarán por orde a substituír á aquelas que se anulen en base a do resultado das posibles reclamacións presentadas e aceptadas.

TERCEIRO: Facer públicos os seguintes aspectos organizativos:

- O chamamento das persoas aspirantes comezará ás 11:30 horas do día 10 de setembro de 2024, diante da aula nº 5 da Facultade de Veterinaria do Campus de Lugo. A orde de actuación das persoas aspirantes iniciárase alfabeticamente pola primeira da letra H, de conformidade co establecido na Resolución do 31 de xaneiro de 2024 da Consellería de Facenda e Administración Pública.
- As persoas aspirantes deberán vir provistas de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do Tribunal.
- As persoas aspirantes deberán vir provistas de lapis número 2 e goma de borrar.
- A hora de inicio e remate do exame indicárase polo Tribunal. Non obstante, as persoas aspirantes poderán abandonar a aula unha vez transcorridos os primeiros 10 minutos dende o comezo do exame.
- As persoas aspirantes teñen a obriga de entregar a folla de respostas do exame.
- O Tribunal resolverá as dúbidas que poidan xurdir as persoas aspirantes durante a celebración do exercicio.

CUARTO: Establecer que serán causas de exclusión do proceso selectivo.

- A utilización de teléfonos móbiles, axendas, reloxos intelixentes ou calquera outro dispositivo electrónico. Non se dispón de servizo de recollida ou depósito deste material.
- Abrir o sobre que contén o cuestionario ou comezar a realización do exercicio antes de que o autorice o Tribunal, así como continuar escribindo unha vez se indique o remate do tempo de exame.
- Falar, copiar ou intercambiar información co exterior ou calquera persoa participante neste proceso.

QUINTO: Reclamacións.

Consonte coa base 6.8 da Convocatoria: “As persoas aspirantes disporán de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da realización de cada exercicio, para presentaren reclamacións ás preguntas formuladas polo tribunal no correspondente exercicio”.

Santiago de Compostela
O presidente do Tribunal
Jesús Rodríguez Requena

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015)

Taboleiro Electrónico da USC
Páxina web das convocatorias da Subárea de Planificación de PAS

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: JESUS RODRIGUEZ REQUENA, NIF ***3951**, 05/09/2024 09:20:25.

CSV: 325E-5057-4922-BC89